

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES NOSA SEÑORA DOS OLLOS GRANDES - LUGO
CURSO: 2019 – 2020 / ADAPTACIÓN COVID 19
MATERIAS: Proxectos de Vida Saudable 1º ESO. Bioloxía e Xeoloxía 1º, 3º, 4º ESO e 1º BAC. Anatomía 1º BAC, Cultura Científica 4º ESO e 1º BAC. PIC 1º BAC. 2º BAC Bioloxía, Xeoloxía, CTM.
DEPARTAMENTO: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA.
DATA: 11 de maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 22	CENTRO: IES OLLOS GRANDES - LUGO CURSO:2019 – 2020/ COVID 19 MATERIA: DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA
----------------------------------------------------------	-------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

3ª AVALIACIÓN 1º ESO – Bioloxía e Xeoloxía

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.4. Localizar a posición da Terra no Sistema Solar.	BXB2.4.1. Identifica a posición da Terra no Sistema Solar.
B2.5. Establecer os movementos da Terra, da Lúa e do Sol, e relacionalos coa existencia do día e a noite, as estacións, as marease e as eclipses.	B XB2.5.1. Categoriza os fenómenos principais relacionados co movemento e a posición dos astros, e deduce a súa importancia para a vida. BXB2.5.2. Interpreta correctamente en gráficos e esquemas fenómenos como as fases lunares e as eclipses, e establece a súa relación coa posición relativa da Terra, a Lúa e o Sol.
B2.6. Identificar os materiais terrestres segundo a súa abundancia e a distribución nas grandes capas da Terra	BXB2.6.1. Describe as características xerais dos materiais máis frecuentes nas zonas externas do planeta e xustifica a súa distribución en capas en función da súa densidade BXB2.6.2. Describe as características xerais da codia, o manto e o núcleo terrestre, e os materiais que os compoñen, e relaciona esas características coa súa situación.
B2.7. Recoñecer as propiedades e as características dos minerais e das rochas, distinguir as súas aplicacións máis frecuentes e salienta a súa importancia económica e a xestión sustentable	BXB2.7.1. Identifica minerais e rochas utilizando criterios que permitan diferenciarlos. BXB2.7.2. Describe algunhas das aplicacións máis frecuentes dos minerais e das rochas no ámbito da vida cotiá.
B2.8. Analizar as características e a composición da atmosfera, e as propiedades do aire.	BXB2.8.1. Recoñece a estrutura e a composición da atmosfera. BXB2.8.2. Recoñece a composición do aire e identifica os contaminantes principais en relación coa súa orixe.
B2.11. Describir as propiedades da auga e a súa importancia para a existencia da vida.	BXB2.11.1. Recoñece as propiedades anómalas da auga en relación coas súas consecuencias para o mantemento da vida na Terra.
B2.12. Interpretar a distribución da auga na Terra, así como o ciclo da auga e o uso que fai dela o ser humano.	BXB2.12.1. Describe o ciclo da auga en relación cos seus cambios de estado de agregación.
B2.13. Valorar e identificar a necesidade dunha xestión sustentable da auga ede actuacións persoais e colectivas que potencien a redución do consumo e a súa	BXB2.13.1. Comprende e identifica o significado da xestión sustentable da auga doce, e enumera medidas concretas que colaboren nesa xestión.

reutilización.	
B2.15. Seleccionar as características que fan da Terra un planeta especial para o desenvolvemento da vida.	BXB2.15.1. Describe as características que posibilitaron o desenvolvemento da vida na Terra.
B3.1. Recoñecer a importancia da biodiversidade e as características morfolóxicas principais dos grupos taxonómicos	BXB3.1.1. Estima a importancia da biodiversidade e aplica criterios de clasificación dos seres vivos, relacionando os animais e as plantas máis comúns co seu grupo taxonómico.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles
3ª AVALIACIÓN 1º ESO – Promoción e estilos de Vida Saudable

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>B2.1. Valorar a alimentación como un hábito de vida saudable e as recomendacións dietéticas e de hidratación adaptadas á idade, o sexo e a actividade física diaria.</p>	<p>PEVSB2.1.1. Coñece as recomendacións dietéticas e de hidratación, a importancia para a saúde dunha alimentación sa e equilibrada (variada, suficiente, etc.), e os riscos para a saúde da inxesta desmesurada de produtos azucrados, salgados, etc.</p> <p>PEVSB2.1.2. Identifica os alimentos e as recomendacións que propoñen os modelos de dieta atlántica e mediterránea, e os seus beneficios.</p>
<p>B2.2. Analizar e avaliar de modo sinxelo a inxesta habitual e a hidratación, e coñecer as recomendacións de inxestión máis adecuadas á súa idade, ao seu sexo e á súa actividade física diaria.</p>	<p>PEVSB2.2.2. Coñece as recomendacións de inxesta alimentaria e hidratación adecuadas á súa idade, ao seu sexo e ao seu nivel de actividade física diaria.</p>
<p>B2.5. Facer unha elección idónea de alimentos e de bebidas adecuadas á súa idade, ao seu sexo e á súa actividade física diaria, valorando criticamente as indicacións da etiquetaxe dos produtos.</p>	<p>PEVSB2.5.1. Elabora unha lista da compra semanal, respectando as recomendacións dietéticas segundo a idade, o sexo e a actividade física diaria.</p> <p>PEVSB2.5.2. Interpreta correctamente e de maneira básica a etiquetaxe nutricional dos produtos alimenticios, identificando os valores recomendados para a súa saúde.</p>

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

3ª AVALIACIÓN - 3º ESO – Bioloxía e Xeoloxía

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Recoñecer que os seres vivos están constituídos por células e determinar as características que os diferencian da materia inerte.	BXB2.1.1. Diferencia a materia viva da inerte partindo das características particulares de ambas. BXB2.1.2. Establece comparativamente as analogías e as diferenzas entre célula procariota e eucariota, e entre célula animal e vexetal.
B3.1. Catalogar os niveis de organización da materia viva (células, tecidos, órganos e aparellos ou sistemas) e diferenciar as principais estruturas celulares e as súas funcións	BXB3.1.1. Interpreta os niveis de organización no ser humano e procura a relación entre eles. BXB3.1.2. Diferencia os tipos celulares e describe a función dos órganos máis importantes.
B3.5. Valorar e identificar hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención das doenzas.	BXB3.5.1. Coñece e describe hábitos de vida saudable e identifícaos como medio de promoción da súa saúde e da das demais persoas. BXB3.5.2. Propón métodos para evitar o contaxio e a propagación das doenzas infecciosas máis comúns.
B3.9. Investigar as alteracións producidas por distintos tipos de substancias aditivas, e elaborar propostas de prevención e control.	BXB3.9.1. Detecta as situacións de risco para a saúde relacionadas co consumo de substancias tóxicas e estimulantes, como tabaco, alcohol, drogas, etc., contrasta os seus efectos nocivos e propón medidas de prevención e control.
B3.11. Recoñecer a diferenza entre alimentación e nutrición, e diferenciar os principais nutrientes e as súas funcións básicas.	BXB3.11.1. Discrimina o proceso de nutrición do da alimentación. BXB3.11.2. Relaciona cada nutriente coa súa función no organismo, e recoñece hábitos nutricionais saudables.
B3.15. Asociar a fase do proceso de nutrición que realiza cada aparello implicado.	BXB3.15.1. Recoñece a función de cada aparello e de cada sistema nas funcións de nutrición.
B3.18. Describir os procesos implicados na función de relación, e os sistemas e aparellos implicados, e recoñecer e diferenciar os órganos dos sentidos e os coidados do oído e a vista.	BXB3.18.1. Especifica a función de cada aparello e de cada sistema implicados nas funcións de relación.
B3.21. Relacionar funcionalmente o sistema neuro endócrino.	BXB3.21.1. Recoñece algún proceso que teña lugar na vida cotiá no que se evidencie claramente a integración neuroendócrina.
B3.23. Analizar as relacións funcionais entre ósos, músculos e sistema nervioso.	BXB3.23.1. Diferencia os tipos de músculos en función do seu tipo de contracción, e relaciónaos co sistema nervioso que os controla.
B3.26. Recoñecer os aspectos básicos da reprodución humana e describir os acontecementos fundamentais da fecundación, do embarazo e do parto.	BXB3.26.2. Identifica os acontecementos fundamentais da fecundación, do embarazo e do parto

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

3ª AVALIACIÓN 4º ESO – Bioloxía e Xeoloxía

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.5. Interpretar cortes xeolóxicos sinxelos e perfís topográficos como procedemento para o estudo dunha zona ou dun terreo.	BXB2.5.2. Resolve problemas sinxelos de datación relativa, aplicando os principios de superposición de estratos, superposición de procesos e correlación.
B2.6. Comprender e comparar os modelos que explican a estrutura e a composición da Terra.	BXB2.6.1. Analiza e compara os modelos que explican a estrutura e a composición da Terra.
B2.7. Combinar o modelo dinámico da estrutura interna da Terra coa teoría da tectónica de placas.	BXB2.7.1. Relaciona as características da estrutura interna da Terra e asóciaas cos fenómenos superficiais.
B2.8. Recoñecer as evidencias da deriva continental e da expansión do fondo oceánico.	BXB2.8.1. Expresa algunhas evidencias actuais da deriva continental e da expansión do fondo oceánico.
B2.9. Interpretar algúns fenómenos xeolóxicos asociados ao movemento da litosfera e relacionalos coa súa situación en mapas terrestres. Comprender os fenómenos naturais producidos nos contactos das placas.	BXB2.9.1. Coñece e explica razoadamente os movementos relativos das placas litosféricas. BXB2.9.2. Interpreta as consecuencias dos movementos das placas no relevo.
B2.12. Analizar que o relevo, na súa orixe e na súa evolución, é resultado da interacción entre os procesos xeolóxicos internos e externos.	BXB2.12.1. Interpreta a evolución do relevo baixo a influencia da dinámica externa e interna.
B1.1. Determinar as analoxías e as diferenzas na estrutura das células procariotas e eucariotas, e interpretar as relacións evolutivas entre elas.	BXB1.1.1. Compara a célula procariota e a eucariota, a animal e a vexetal, e recoñece a función dos orgánulos celulares e a relación entre morfoloxía e función.
B1.4. Formular e identificar os principais procesos que teñen lugar na mitose e na meiose, e revisar o seu significado e a súa importancia biolóxica.	BXB1.4.1. Recoñece as fases da mitose e meiose, diferencia ambos os procesos e distingue o seu significado biolóxico.
B1.5. Comparar os tipos e a composición dos ácidos nucleicos, e relacionalos coa súa función.	BXB1.5.1. Distingue os ácidos nucleicos e enumera os seus compoñentes
B1.6. Relacionar a replicación do ADN coa conservación da información xenética.	BXB1.6.1. Recoñece a función do ADN como portador da información xenética, e relaciónao co concepto de xene.
B1.9. Formular os principios da xenética mendeliana, aplicando as leis da herdanza na resolución de problemas sinxelos, e recoñecer a base cromosómica das leis de Mendel.	BXB1.9.1. Recoñece os principios básicos da xenética mendeliana e resolve problemas prácticos de cruzamentos con un ou dous caracteres.
B1.10. Diferenciar a herdanza do sexo e a ligada ao sexo, e establecer a relación	BXB1.10.1. Resolve problemas prácticos sobre a herdanza do sexo e a ligada
B1.15. Valorar e interpretar as aplicacións da tecnoloxía do ADN recombinante na agricultura, na gandaría, no ambiente e na saúde.	BXB1.15.1. Interpreta criticamente as consecuencias dos avances actuais no campo da biotecnoloxía.

ESPECIFICIDADE PARA RECUPERAR A MATERIA EN 4º ESO E LOGRAR A TITULACIÓN:

Para a recuperación da 1ª e/o 2ª avaliación se realizarán as seguintes actividades:

1-Actividades de reforzo con contidos de carácter xeneral, que terán que entregar a través da Aula Virtual. Avaliaranse ata un máximo de 3 Puntos. A súa entrega será imprescindible para poder aprobar a materia.

2-Contacto directo cos alumnos a través de correo, mensaxería de A.V. e wassap, para resolver dúbidas e aclaracións. Nestes contactos o profesor pode percibir o grado de esforzo, comprensión e traballo sobre os contidos. Poderá ser avaliado hasta 2 puntos.

3-Entrevista e resolución de cuestións polo alumno/a sobre eses contidos, a través de videoconferencia, previa convocatoria. Se avaliará cun máximo de 7 Puntos

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

3ª AVALIACIÓN 4º ESO – Cultura Científica

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Obter, seleccionar e valorar informacións relacionados con temas científicos da actualidade.	CCIB1.1.1. Analiza un texto científico, valorando de forma crítica o seu contido.
	CCIB1.1.2. Presenta información sobre un tema tras realizar unha procura guiada de fontes de contido científico, utilizando tanto os soportes tradicionais como internet.
B2.2. Coñecer os feitos históricos e as teorías que xurdiron ao longo da historia sobre a orixe do Universo, e en particular a teoría do Big Bang.	CCIB2.2.1. Recoñece a teoría do Big Bang como explicación á orixe do Universo.
B2.3. Describir a organización do Universo e como se agrupan as estrelas e os planetas.	CCIB2.3.1. Establece a organización do Universo coñecido, e sitúa nel o sistema solar.
B3.1. Identificar os principais problemas ambientais, as súas causas e os factores que os intensifican; predicir as súas consecuencias e propor solucións.	CCIB3.1.1. Relaciona os principais problemas ambientais coas súas causas, e establece as súas consecuencia.
	CCIB3.1.2. Procura e describe solucións aplicables para resolver os principais problemas ambientais.
B3.3. Valorar as graves implicacións sociais, tanto na actualidade como no futuro, da sobreexplotación de recursos naturais, a contaminación, a desertización, a perda de biodiversidade e o tratamento de residuo.	CCIB3.3.1. Recoñece os efectos do cambio climático, establece as súas causas e propón medidas concretas e aplicables, a nivel global e individual, para o reducir.
	CCIB3.3.2. Valora e describe os impactos da sobreexplotación dos recursos naturais, a contaminación, a desertización, os tratamentos de residuos e a perda de biodiversidade, e propón solucións e actitudes persoais e colectivas para os paliar.
B3.5. Xustificar a necesidade de procurar novas fontes de enerxía non contaminantes e economicamente viables, para manter o estado de benestar da sociedade actual.	CCIB3.5.1. Establece as vantaxes e inconvenientes das diferentes fontes de enerxía, tanto renovables como non renovables.
B4.1. Recoñecer que a saúde non é soamente a ausencia de afeccións ou doenzas.	CCIB4.1.1. Comprende a definición da saúde que dá a Organización Mundial da Saúde (OMS).
B4.3. Estudar a explicación e o tratamento da doenza que se fixo ao longo da historia.	CCIB4.3.2. Recoñece a importancia que a descuberta da penicilina tivo na loita contra as infeccións bacterianas, a súa repercusión social e o perigo de crear resistencias aos fármacos.
	CCIB4.3.3. Explica como actúa unha vacina e xustifica a importancia da vacinación como medio de inmunización masiva ante determinadas doenzas.

Esta materia traballa moito as estratexias procedimentais e a metodoloxía científica, tan difícil de seguir por parte do alumnado. Así, pois, realizáronse tarefas de investigación procura de información, lectura de artigos científicos, recollida de datos e presentación de produto final.

Durante esta corentena repasouse o tratado nas dúas primeiras avaliacións para reforzar as competencias citadas anteriormente e que veñen descritas no Bloque 1 transversal do Curriculum.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

3ª AVALIACIÓN 1º BACH – Bioloxía e Xeoloxía

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Describir a célula como unidade estrutural, funcional e xenética dos seres vivos, e distinguir unha célula procariota dunha eucariota e unha célula animal dunha vexetal, analizando as súas semellanzas e diferenzas.	BXB2.1.1. Interpreta a célula como unha unidade estrutural, funcional e xenética dos seres vivos. BXB2.1.2. Perfila células procariotas e eucarióticas e nomea as súas estruturas.
B2.2. Identificar os orgánulos celulares, e describir a súa estrutura e a súa función.	BXB2.2.1. Representa esquematicamente os orgánulos celulares e asocia cada orgánulo coa súa función ou coas súas funcións. BXB2.2.2. Recoñece e nomea células animais e vexetais mediante microfotografías ou preparacións microscópicas.
B2.3. Recoñecer e identificar as fases da mitose e da meiose, e argumentar a súa importancia biolóxica.	BXB2.3.1. Describe os acontecementos fundamentais en cada fase da mitose e da meiose.
B2.4. Establecer as analogías e as diferenzas principais entre os procesos de división celular mitótica e meiótica.	BXB2.4.1. Selecciona as principais analogías e diferenzas entre a mitose e a meiose.
B5.5. Comprender e diferenciar as fases da fotosíntese e os factores que afectan o proceso.	BXB5.5.1. Detalla os principais feitos que acontecen durante cada fase da fotosíntese e asocia, a nivel de orgánulo, onde se producen.
B5.6. Salientar a importancia biolóxica da fotosíntese.	BXB5.6.1. Argumenta e precisa a importancia da fotosíntese como proceso de biosíntese, imprescindible para o mantemento da vida na Terra.
B6.1. Comprender e discriminar os conceptos de nutrición heterótrofa e de alimentación.	BXB6.1.1. Argumenta as diferenzas máis significativas entre os conceptos de nutrición e alimentación. BXB6.1.2. Coñece as características da nutrición heterótrofa e distingue os tipos principais.
B6.2. Comprender e diferenciar as fases da respiración celular nas mitocondrias.	BXB6.2.1. Detalla os principais feitos que acontecen durante cada fase da respiración aerobia e asocia, a nivel de orgánulo, onde se producen.
Realizamos actividades específicas para clarificar os termos fotoautótrofo – quimioheterótrofo xa que resultan de gran dificultade para o alumnado e son fundamentais na bioloxía.	
En consonancia coa idade do alumnado e os avances realizados durante o 1º e 2º Trimestre, en este nivel optamos por reforzar aqueles estándares no que o alumnado manifestaba máis dificultades. [Bioquímica]	
O mesmo tempo optouse polo reforzo máis potente do alumnado con máis dificultade para a consecución dos contidos mínimos. Destacamos a importancia de utilizar esta situación tan especial para ensinar ó alumnado a traballar na autonomía, a responsabilidade do día a día, no compromiso coa aprendizaxe e coa toma de decisións en situacións novas e imprevisibles.	
ALUMNADO COA MATERIA SUSPENSA NA 2ª AVALIACIÓN	
Para a recuperación da 1ª e/o 2ª avaliación se realizarán as seguintes actividades:	

1-Actividades de reforzo con contidos de carácter xeneral, que terán que entregar a través da Aula Virtual. Se avaliarán hasta un máximo de 3 Puntos. A súa entrega será imprescindible para poder aprobar a materia.

2-Contacto directo cos alumnos a través de correo, mensaxería de A.V. e wassap, para resolver dúbidas e aclaracións. Nestes contactos o profesor pode percibir o grado de esforzo, comprensión e traballo sobre os contidos. Poderá ser avaliado hasta 2 puntos.

3-Entrevista e resolución de cuestións polo alumno/a sobre eses contidos, a través de videoconferencia, previa convocatoria. Se avaliará cun máximo de 7 Puntos

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

3ª AVALIACIÓN 1º BACH – Anatomía Aplicada

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B6.1. Recoñecer os sistemas de coordinación e regulación do corpo humano, especificando a súa estrutura e función.	<p>AAB6.1.1. Describe a estrutura e as función dos sistemas implicados no control e na regulación da actividade do corpo humano, establecendo a asociación entre eles.</p> <p>AAB6.1.2. Recoñece as diferenzas entre os movementos reflexos e os voluntarios, asociándoos ás estruturas nerviosas implicadas neles.</p> <p>AAB6.1.3. Interpreta a fisioloxía do sistema de regulación, indicando as interaccións entre as estruturas que o integran e a execución de actividades artísticas.</p>
B4.1. Identificar o papel do sistema cardiopulmonar no rendemento das actividades artísticas corporais.	<p>AAB4.1.1. Describe a estrutura e a función dos pulmóns, detallando o intercambio de gases que ten lugar neles e a dinámica de ventilación pulmonar asociada. asociada a actividades artísticas de diversa índole.</p> <p>AAB4.1.2. Describe a estrutura e a función do sistema cardiovascular, explicando a regulación e a integración de cada compoñente.</p> <p>AAB4.1.3. Relaciona o latexo cardíaco, o volume e a capacidade pulmonar coa actividade física asociada a actividades artísticas de diversa índole.</p> <p>AAB4.2.3. Identifica as principais patoloxías que afectan o sistema cardiopulmonar en relación coas causas máis habituais e cos seus efectos nas actividades artísticas.</p> <p>AAB4.2.4.5. Recoñece hábitos e costumes saudables para o sistema cardiorrespiratorio e o aparello de fonación, nas accións motoras inherentes ás actividades artísticas corporais e na vida cotiá.</p>

Debido a que todo alumnado ten aprobada a materia optamos por traballar os temas que faltaban e que se relacionaban coa súa saúde: cerebro e sistema cardiorrespiratorio aplicados ás actividades motoras.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

3ª AVALIACIÓN 1ºBACH – Cultura Científica

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Obter, seleccionar e valorar informacións relacionadas con temas científicos da actualidade.	CCIB1.1.1. Analiza un texto científico e valora de forma crítica o seu contido. CCIB1.1.2. Presenta información sobre un tema tras realizar unha procura guiada de fontes de contido científico, utilizando tanto os soportes tradicionais como internet.
B1.2. Valorar a importancia da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico na actividade cotiá.	CCIB1.2.1. Analiza o papel da investigación científica como motor da nosa sociedade e a súa importancia ao longo da historia.
B3.4. Tomar conciencia da importancia da investigación médico- farmacéutica.	CCIB3.4.1. Describe o proceso que segue a industria farmacéutica para descubrir, desenvolver, ensaiar e comercializar os fármacos.
B3.6. Diferenciar a información procedente de fontes científicas das que proceden de pseudociencias ou que perseguen obxectivos simplemente comerciais.	CCIB3.6.1. Discrimina a información recibida sobre tratamentos médicos e medicamentos en función da fonte consultada.
B4.4. Describir e avaliar a aplicación da enxeñaría xenética na obtención de fármacos, transxénicos e terapias xénicas.	CCIB4.4.1. Describe e analiza as aplicacións da enxeñaría xenética na obtención de fármacos, transxénicos e terapias xénicas.

Esta materia traballa moito as estratexias procedimentais e a metodoloxía científica, tan difícil de seguir por parte do alumnado. Así, pois, realizáronse tarefas de investigación procura de información, lectura de artigos científicos, recollida de datos e presentación de produto final.

Durante esta corentena repasouse o tratado nas dúas primeiras avaliacións para reforzar as competencias citadas anteriormente e que veñen descritas no Bloque 1 transversal do Curriculum.

ALUMNADO A RECUPERAR A MATERIA

Constan tres alumnos que non entregaron as tarefas de recuperación, nin ningunha das propostas ata o momento. A outra alumna suspensa recuperou coa entrega dos traballos non entregados durante o curso.

Só un dos alumnos ten suspensa a parte de exames, a de proxectos e a de traballo en clase. Para recuperar a parte dos exames, por medio dunha proba, é requisito imprescindible que presente os proxectos e traballos non presentados durante o curso. En caso de non presentalos non terá dereito a dita proba xa que non lle daría a media para superar a materia, debido a que os exames teñen un peso do 40%.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles
3ª AVALIACIÓN 1º BACH – Proxectos Investigación Científica

Criterio de avaliación

Estándar de aprendizaxe

Xa que a materia é práctica, coa realización dun Proxecto e con horario de 1 hora á semana, os profesores de PIC consideramos que non procedía plantexar traballo de forma obrigatoria, coa excepción de 2 alumnos que teñen que recuperar a segunda avaliación, debido a que non entregaron a súa parte do proxecto que xa traballamos durante as clases presenciais da segunda avaliación.

Si proporemos na 3ª avaliación , a posibilidade de traballo voluntario coa finalidade de subir nota hasta 1 punto.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

3ª AVALIACIÓN 2º BACH – Bioloxía

Criterio de avaliación

Estándar de aprendizaxe

SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN: Tendo en conta de que esta materia de Bioloxía de 2º de BAC é chave en moitas das disciplinas universitarias o profesorado do departamento optou por continuar coa materia na mesma liña que indica o Curriculum da materia para afrontar con máis seguridade as probas ABAU e os posteriores estudos.

AVALIACIÓN:

A Cualificación final da materia corresponderá coa media ponderada da 1ª e 2ª avaliación , é dicir a media de todas as probas desenvolvidas durante este período e a posibilidade de subir un punto pola participación activa nas actividades deseñadas de este terceiro trimestre. Estas correspondían ós Bloques de Microbioloxía e Inmunoloxía.

Faranse probas de recuperación para o alumnado suspenso, nas seguintes datas

Grupo G1 (2º A-2º B) + G2 (2ºC): Xoves 28 de maio – Horario de tarde [Grupos Manuel]

Grupo G3 (2ºA-B-D-E-F): Mércores 27 de maio ás 16:30 h [Grupo Pilar]

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

3ª AVALIACIÓN 2º BACH – Xeoloxía

Criterio de avaliación

Estándar de aprendizaxe

SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN: Tendo en conta de que esta materia de Xeoloxía de 2º de BAC é chave en moitas das disciplinas universitarias o profesorado do departamento optou por continuar coa materia na mesma liña que indica o Curriculum da materia para afrontar con máis seguridade as probas ABAU e os posteriores estudos.

AVALIACIÓN:

A Cualificación final da materia corresponderá coa media ponderada da 1ª e 2ª avaliación , é dicir a media de todas as probas desenvolvidas durante este período e a posibilidade de subir un punto pola participación activa nas actividades deseñadas de este terceiro trimestre.

Faranse probas de recuperación para o alumnado suspenso, nas seguintes datas:

RECUPERACIÓN ON - LINE: Xoves, 28 de maio ás 16:30

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles
3ª AVALIACIÓN 2º BACH – Ciencias da Terra e do Medio ambiente.

Criterio de avaliación

Estándar de aprendizaxe

SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN: Tendo en conta de que esta materia de Ciencias da Terra e do Medio Ambiente de 2º de BAC pode ser necesaria para algunha das disciplinas universitarias o profesorado do departamento optou por continuar coa materia na mesma liña que indica o Curriculum pero con menos esixencia xa que non entra nas probas ABAU.

AVALIACIÓN:

A Cualificación final da materia corresponderá coa media ponderada da 1ª e 2ª avaliación , é dicir a media de todas as probas desenvolvidas durante este período e a posibilidade de subir un punto pola participación activa nas actividades deseñadas de este terceiro trimestre.

1. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>PROCEDEMENTOS: Seguimento de actividades cotiás por medio da aula virtual, Edixgal e, mesmo o correo electrónico. Participación nas videoconferencias e respostas ás preguntas do profesor/profesora. Deseño de probas específicas para facer o seguimento da recuperación, do reforzo ou da ampliación. Vídeos enviados cos proxectos realizados e subidos á aula virtual. Envío das imaxes dos modelos realizados ou do caderno cos esquemas pedidos e subidos á aula virtual.</p> <p>INSTRUMENTOS: Probas on – line realizadas en Aula virtual e Edixgal. Cuestionarios realizados. Seguimento das videoconferencias con alumnado concreto para recuperar materia. Rúbricas para á valoración dos proxectos realizados ou traballos presentados</p>
Cualificación final	<p>INDICAR O PROCEDEMENTO PARA OBTERA CUALIFICACIÓN FINAL DE CURSO:</p> <p>Media ponderada da 1º e 2º avaliación, é dicir: suma das notas de todas as probas realizadas e a media correspondente. <i>Elimínase da programación “o mínimo esixible en cada proba para facer a media aritmética”.</i> Probas de recuperación realizadas particularmente ó alumnado coa materia pendente. Posibilidade de engadir ata 1 punto na media obtida anteriormente polas actividades de reforzo e ampliación da 3ª Avaliación. Non se lle sumará este punto ao alumnado que teña un cero en algún dos outros instrumentos de avaliación.</p> <p>A DESTACAR: As particularidades da recuperación do alumnado suspenso de 4º de ESO de Bioloxía e Xeoloxía por mor da Titulación e de 1º de BAC en Bioloxía e Xeoloxía pola necesidade de tratar contidos básicos en 2º de BAC.</p>
Proba extraordinaria de setembro	Realizaranse as probas correspondentes ós contidos tratados na 1º e 2º Avaliación de forma presencial.
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Realización de tarefas e repaso dos contidos mínimos de 1º BAC.</p> <p>Probas escritas realizadas con anterioridade á suspensión das aulas.</p>

	<p>Criterios de cualificación: Nota media das avaliacións realizadas ata a suspensión das clases.</p> <p>Hai un alumno que non realizou o segundo exame e suspendeu o primeiro exame de Bioloxía e Xeoloxía de 1º BAC.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Propoñemos unha data para a realización dunha proba on – line por vídeo conferencia o mércores 20 de maio ás 16:30 h.</p>

DATAS DE PROBAS ESPECÍFICAS DE RECUPERACIÓN – 2º BACHARELATO	
MATERIA	DATA E HORARIO
BIOLOXÍA 2º BAC	Grupo G1 (2º A-2º B) + G2 (2ºC): Xoves 28 de maio – Horario de tarde Grupo G3 (2ºA-B-D-E-F): Mércores 27 de maio ás 16:30h.
XEOLOXÍA 2º BAC	Xoves, 28 de maio ás 16:30
PENDENTES BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º BAC	2ª Avaliación: Mércores 20 de maio ás 16:30 h.
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º BAC	Videoconferencias en data a concretar co alumnado implicado.

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>RECUPERACIÓN: Actividades deseñadas especificamente para a recuperación dos contidos da 1ª e 2ª avaliación. Deseñadas e compartidas por Abalar, Edixgal e a Aula virtual de Moodle.</p> <p>REPASO – REFORZO: Actividades deseñadas coa finalidade de reforzar aqueles contidos, tecnicismos ou procesos básicos que o alumnado acadou con dificultade nas avaliacións anteriores. Deseñadas e compartidas pola Abalar, Edixgal e a Aula virtual de Moodle.</p> <p>AMPLIACIÓN: Actividades de aprendizaxe guiado con vídeos descritivos de procesos biolóxicos e actividades relacionadas. Sempre valorando a súa transversalidade, a aplicación á vida cotiá e ós momentos que nos tocan vivir. Seleccionando os tecnicismos específicos e básicos para a continuidade dos estudos no próximo curso. Deseñadas e compartidas pola Abalar, Edixgal e a Aula virtual de Moodle.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>BLOQUE I: ACTIVIDADES</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Utilización dos materiais de EDIXGAL e Aula Planeta en 1º ESO. 2. Utilización da Aula virtual para a realización de tarefas e probas. 3. Deseño de propostas específicas de construción de modelos, elaboración de actividades de resposta elaborados polo profesor/profesora. 4. Recepción de traballos por Aula virtual ou por correo electrónico cando había dificultades de conexión. 5. Corrección de actividades por medio de Webex con videoconferencias regulares 1 ou 2 veces por semana en grupo - clase. <p>BLOQUE II: REPASO DE CONTIDOS E INTRODUCCIÓN DE NOVOS BÁSICOS</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Lectura e manexo dos Apuntes guía realizados polo profesor. 2. Grabacións de vídeo- tutoriais con power point asociados para o alumnado de 3º e 4º de ESO e bacharelato. 3. Compartindo estes vídeos por Drive ou vía teléfono móbil para o alumnado con máis problemas de conexión. 4. Clases regulares para repaso de contidos 1/ 2 semanais por videoconferencia. <p>BLOQUE III: AVALIACIÓN</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Realización de cuestionarios, probas on- line e preguntas on-line para ver a evolución do alumnado, na Aula virtual e Edixgal. 2. Rúbricas deseñadas para aquelas actividades que o precisaran. 3. Valoración da participación nas videoconferencias. 4. Valoración positiva da súa actitude cara unha nova forma de aprender. 5. Valoración positiva da súa constancia, autonomía e compromiso á hora das conexións e a entrega das actividades.

	<p>BLOQUE IV: COMUNICACIÓN AS FAMILIAS</p> <p>1. Cubrimos plantilla de actividades semanais propostas dende a Dirección do Centro.</p> <p>2. Compartimos coa Dirección do centro semanalmente os días e as horas das videoconferencias.</p> <p>3. Para as probas finais do alumnado con máis problemas para superar o curso compartimos as datas de realización de probas coa Dirección para disposición xeral.</p> <p>ALUMNADO SEN CONECTIVIDADE</p> <p>Oficialmente non hai ningún alumno con problemas de conectividade, Aínda que si nos consta alumnado que non se conecta. Esta situación púxose en coñecemento das súas familias por as seguintes canles:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Correo electrónico ás familias por Abalar. • Comunicación ós titores e titoras. • Comunicación coas familias vía Equipo Directivo e/ou orientación do Centro.
<p>Materiais e recursos</p>	<p>1. Materiais de elaboración propia por parte de cada profesor.</p> <p>2. Materiais do Libro dixital de Edixgal.</p> <p>3. Utilización da Aula Planeta.</p> <p>4. Utilización do libro de texto nos cursos de 3º e 4º de ESO e selección de actividades a realizar.</p> <p>5. Web recomendadas especificamente para cada actividade e indicadas no documento explicativo das actividades.</p> <p>6. Presentacións de power point explicativas das actividades. Acompañadas por gravacións de vídeos por parte do profesor.</p> <p>7. Videoconferencias para a corrección e a discusión das actividades realizadas.</p>

3. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	1-Comunicación a través de Abalar. Mediante a Aula Virtual de Moodle e correo electrónico. 2-Grupos de wasap nos grupos de bacharelato. 3-Comunicación dos casos máis problemáticos ou con máis dificultades por medio do titor / titora. 4-Comunicación regulas cos titores comunicando a marcha xeral do grupo e á presenza do alumnado nas videoconferencias e tarefas. 5-Deseño de informes específicos para o alumnado con máis problemática e posterior envío á titora ou titor. 6-Comunicación ó Equipo de Orientación dos alumnos con unha problemática maior. 7-Comunicación pola vía oficial de recollida de información por parte da Dirección do centro e que se cubre semanalmente.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

Lugo, 11 de maio de 2020

PROFESORADO: Manuel Rodríguez Aira

M^a Hortensia Lence Cortiñas

Leonor Vidal Varela

M^a Aida Gómez Fráiz

Carlos Villamor Castiñeira

Pilar Fernández Illán (XD)